



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2019/10
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, VENRES 6 DE SETEMBRO DE 2019 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO M. TOBA CAMPAÑA (ALCALDE) PSOE

ASISTEN:

PSOE

MONICA VILELA VILELA

MANUEL CARAMES LOPEZ

OLALLA BENLLOCH LEMA

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

TANIA ROMERO GARCIA

BNG

CARLOS FERNANDEZ CONCEIRO

PP

JAVIER LEMA SUAREZ

SANDRA VILELA RIVEIRO

SOFIA LOPEZ SIMON

SECRETARIA:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da Acta da sesión anterior
2. MOCION GRUPO MUNICIPAL PP SOBRE DOTACION SERVIZOS AOS NOSOS AREAIS E RIOS
3. MOCION GRUPO MUNICIPAL PP SOBRE UNHA ROMARIA DA BARCA SEN RUIDOS
4. MOCION GRUPO MUNICIPAL PP SOBRE INCLUSION DESFIBRILADORES NOS VEHICULOS DA POLICIA LOCAL

Previamente, o Sr Alcalde manifesta: "Dna Sandra Vilela acaba de comunicarme a súa intención de gravar o Pleno . Non estou de acordo con elo e así lle contestei. Non obstante veu unha persoa entre o público gravando cun teléfono e que non debe de facelo. Non sei con que fin queren facer esta gravación porque os plenos son públicos e pode acudir a eles quen queira".

Intervén seguidamente D Carlos Fernández:" Non me apetece que me graven e saír no Facebook e demais debe de defenderse o noso dereito á privacidade. Non teño problema en que se grave



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

en audio pero non me parece ben que o fagan en video.”

O Sr Alcalde volve a intervir: “;É a liña que queremos seguir sobre todo cando as formas non son as adecuadas, chegando uns minutos antes do pleno e querendo impoñer a gravación. Dicar que non deixar gravar coarta a información ós veciños non é certo porque aos plenos pode vir quen queira. A miña decisión é que non se grave.”

Dna Sandra Vilela responde: “;Hai unha sentenza do Tribunal Supremo que nos ampara e que lle poda dar se quere.”

O Sr Alcalde pide informe á Secretaria quen expón: “ Este asunto debería de estar previsto nun Regulamento orgánico. É verdade que hai sentencias que falan de permitilo. En ausencia de regulamento o permiso entra dentro das potestades do Alcalde de dirección das sesión e aínda que con elas non pode ampararse unha prohibición xenérica das gravacións, habilitan para facelo cando o Alcalde xustifique que coa gravación altérase a orde ou o normal desenvolvemento dunha sesión”.

Dna Sandra Vilela insiste en que é un dereito legal o que teñen de gravar a sesión.

O Sr Alcalde intervén: “Non vou a permitir a gravación porque altera a orde e desenvolvemento da sesión como se está a ver, non é máis que un show preparado por vostedes.”

Dna Sandra Vilela diríxese á persoa que estaba gravando entre o público para que deixe de facelo, anunciando que acudirá aos tribunais en defensa do seu dereito”.

A continuación iníciase o exame dos asuntos da Orde do día, sendo ás 20,40h.

1.-APROBACION ACTA SESIÓN ANTERIOR.

A acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2.-MOCION GRUPO MUNICIPAL PP SOBRE DOTACION SERVICIOS AOS NOSOS AREAIS E RIOS

Dna Sandra Vilela, voceira do grupo municipal do PP explica brevemente o contido da Moción



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

manifestando : “ Está claro que unha parte importante do futuro de Muxía está no turismo e temos que dar pasos reais traballando cara ese sector, e dende este punto de vista un dos mellores atractivos turísticos de Muxía que son as praias deben ser obxecto de melloras como as que pedimos na Moción. Falamos dos baños de Espiñeirido, o deterioro do paseo do Río Negro e as Caldeiras do Castro”.

A continuación intervén D. Carlos Fdez: “ Paréceme unha Moción moi xenérica e creo que este tipo de temas debe de estudarse máis . Hai praias cunha previsión turística moi alta, por exemplo Coido, Os Muíños, Nemiña, que debe de estudarse con calma. Poñer baños en todas as praias non é a solución, Debe de preservarse a flora e a fauna dos areas, do contorno. Poñer un baño nunha Praia pode atraer campismo ilegal”.

Seguidamente o Sr Alcalde manifesta: “Vostede Sra Vilela, pide a solicitude dun pleno extraordinaria para isto podendo facelo por outro sistema. Esta moción presentouna o 17 de xullo e vostede argumenta a solicitude de pleno extraordinario dicindo que non se levaron as mocións a pleno. As mocións tratarémolas en plenos ordinarios. Quero preguntarlle se fai moito que non vai por Espiñeirido. (O Sr Alcalde lee o punto 4 da moción). ¿Como pode arranxarse algo que non existe?”

Dna Sandra Vilela contesta que xa sabe que non están os baños alí, pero que antes estaban abandonados.

Continúa o Sr Alcalde: “Por outro lado, canto fai que non vai polo Castro o polo paseo fluvial de Os Muíños?. Presenta a moción a semana pasada e fai máis de dúas semanas que se están rehabilitando esas zonas. Cando presente unha moción, trabállea. Presenta a moción co mesmo, e é algo xustificativo para vir hoxe a un pleno e sacar unha nota de prensa.”

Dna Sandra Vilela, pide permiso para intervir e manifesta: “ Presentamos a moción o 3 de xullo e di que empezou a arranxar o paseo fluvial fai dúas semanas (O sr Alcalde indícalle que xa antes estaba adxudicada a obra). Non a presentei a semana pasada e polo tanto foi despois cando vostedes empezaron as obras.”

O Sr Alcalde responde: “ Levan máis de tres semanas traballando, hai un proceso burocrático que seguir para facer as obras, e non foi polo que vostedes digan , non foi así.”

Sometido o asunto a votación, a moción queda rexeitada por 3 votos a favor do grupo municipal PP e o resto en contra (8).



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

3.-MOCION GRUPO MUNICIPAL PP SOBRE UNHA ROMARIA DA BARCA SEN RUIDOS

Dna Sandra Vilela, voceira do grupo municipal do PP expón: “Quero aclarar que o motivo de pedir un pleno extraordinario non é unicamente pola moción das praias ou a da policía local, se non realmente pola da barca. Pareceunos interesante e carecería de sentido traela a pleno despois das Festas.

Pasouseme pola cabeza propoñelo, vista a experiencia de Cee e doutros lugares onde se fixo e pode ser algo importante para visualizar o problema das persoas, sobre todo nenos, con ese problema e necesidade.”

A continuación intervén D Carlos Fernández: “ Paréceme boa idea e creo que debe de aprobarse. Falei cos membros da Comisión de festas e están de acordo.”

D Santiago Toba, Alcalde, manifesta: “Baixo o argumento que di pide un pleno extraordinario pero nin falou coa Comisión de festas. Podo facelo e a Comisión se o considerase oportuno podería falar con nós e sen necesidade de facer un pleno faríase o proposto. Outra cousa é que este pleno sexa para outra cousa e non o que vostede di.”

Eu falei coa Comisión de Festas e están de acordo. Considero o proposto positivo aínda que os postos non estean moi de acordo. Noutros lugares que se fixo houbo unha persoa que axudou á Comisión durante esa hora libre de ruídos, comunicándollo aos chiringuitos e concienciándoos. Unha forma de colaborar é que o seu grupo se encargue dese traballo de concienciar ás persoas que non están pola labor.”

Dna Sandra Vilela contesta: “ A lei nos ampara para pedir un pleno extraordinario e fixémoslo. É unha moción branca que vostede está intentando manchar ao poñerlle peros. Por suposto que non teño problema en axudar falando cos chiringuitos.”

D Carlos Fdez intervén: “ Isto non debe de depender da vontade de ninguén que fale cos chiringuitos, é un tema do Concello e tal vez para outros anos sexa unha condición previa para os chiringuitos.”

O Sr Alcalde remata: “ Non hai ningún problema nin ningún pero ou condicionante para a súa aprobación”.

Sometido o asunto a votación, a Moción, queda aprobada por unanimidade, e polo tanto o pleno acorda:



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

-Que dende o concello de Muxía se promova un horario na Romaría da Barca, na que as atraccións funcionen sen ruído para fomentar a inclusión social dos nenos con TEA.

4.-MOCION GRUPO MUNICIPAL PP SOBRE INCLUSION DESFIBRILADORES NOS VEHICULOS DA POLICIA LOCAL

Dna Sandra Vilela resume o contido da moción.

O Sr Alcalde explica que xa se había falado este tema coa policía local antes de presentarse ningunha moción e ambos policíaas están de acordo. Quero aproveitar este acto para agradecer publicamente aos policíaas locais deste Concello a a súa actuación recente no rescate dunhas persoas, intervención moi importante.”

Sometida a Moción a votación, queda aprobada por unanimidade dos presentes, acordando o Pleno que se dote aos vehículos da Policía Local cun desfibrilador automático.

Ás 21 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, mércores 11 de setembro de 2019

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña